

PARA revista ESCRITA da “AELG”

Número 1, páxina 4

Sai hoxe E S C R I T A porque cada vez é máis necesario que a voz dos escritores galegos non esté condicionada.

Déndesd’o pasado século esta voz foi avangarda -“lanza ponteira”- cara a recuperación da conciencia nacional de GALICIA, definición da identidade galega e salvagarda do propio herdo cultural apousado na FALA, nosa forma viva e razón incuestionable de diferenza e peculiaridade

Esta voz ha ser decisiva tamén prá pervivencia i extensión do devandito, como na loita que se sigue pola chamada normalización do idioma i os outros dereitos nacionais

Pra esta loita requírese non só a voluntá dos escritores, senón tamén a de tódolos que sintan o ser i o problema de GALICIA e teñan a certeza de que a forza do noso amor non pode ser inútil

Uxío Novoneyra

Presidente da Asociación de Escritores en Lingoa Galega

Vrao 1983